



## / O que fixemos... /

### **Laconada 2015**

O pasado 21 de febreiro reunímonos, como todos os anos, para festexar o Entroido. Desta vez o sitio elixido foi o centro sociocomunitario do Barrio das Flores. O obxectivo era dar conta dun bo cocido, coa súa sopa, carnes, grelos, orellas, filloas, etc. En fin, que non faltou nada.

Cando terminamos de comer todas estas viandas, nada mellor que amenizar un pouco a tarde coas guitarras. Desta volta grazas a Leticia, David e Tito, cos que cantamos e algúns até chegaron a bailar esas cancións de sempre que tanto nos gustan. Ben, cando haxa outra ocasión (ben sexa noutro xantar, nunha cea ou nunha merenda) teremos a oportunidade de reunirnos formando este improvisado coro, onde o que realmente conta non son as voces, se non as gañas de pasalo ben e desfrutar da compañía de todos os tanxedoír@s.

Moitas grazas por asistir e vémonos noutra ■

*Tito González*



### **Festival XXXVII Aniversario de Tanxedoira**

*CENTRO CÍVICO OS MALLOS – Sábado 25 de abril 17,30 h.*

O festival prometía e o público acodiu con ganas de escoitar boa música e pasalo ben.

Con puntualidad abriu a actuación o noso Coro, arrincando aplausos entusiastas, sobre todo coa peza O voso galo comadre e co emocionante Cumpleaños feliz.

Pepe Capelán, o noso presentador da gala e que xa arrincara algunha gargallada nos momentos iniciais, aproveitou a ledicia para albiscar no horizonte do público en busca dalgunha autoridade competente que nos lanzase a obtención dun local máis acorde cos nosos méritos. Non houbo unha resposta inmediata, mais aí ficou a semente que quizais nalgún momento xermine.

A seguir, os nosos amigos dos Cantareiras do Naval, de Santa Cruz de Oleiros, encheron a escena de música e cancións. Sorrisos, aplausos e o público cada vez máis entregado. Os Cantareiros quedando sen voz e o público pedindo máis.

E saíu de novo Pepe Capelán, agochado tras os seus lentes, para promocionar o noso Grupo de Teatro, que por mor do imedito das súas próximas actuacións non puido formar parte do festival. Pero Pepe deixou moi claro que hai que acodir ás representacións previstas para maio e aplaudir a rabiar, que seguro que o merecen.

Pero todavía faltaba o mellor. A Rondalla encheu a escena e a música inundou de encantamento as butacas. Oíanse murmurios de acompañamento e víanse no recordo imaxes de bo cinema. E ninguén desexaba que aquilo chegara ao seu fin. Porén, chegou e houbo que saír baixo a choiva.

Despois, no noso local, sinxelo pero moi acolledor, agardábanos unha magnífica merenda e máis música. Moita máis música, onde os nosos Cantareiros do Naval lucíronse outra vez e todos nós fixemos o que puidemos para que o día perdure no recordo ata a próxima celebración ■

*Rosario Barro*

# Actuación na fundación ADCOR

A actuación do 30 de abril no Centro Residencial da Terceira Idade ADCOR pareceunos un evento moi ameno e emotivo. Paga a pena ir a estes lugares, aínda que só sexa por ver as caras de satisfacción dos nosos maiores. Por outra parte, as alegres cancións tradicionais que cantamos (Salio de Jamaica, O galo, Catro vellos mariñeiros...) eran as máis axeitadas para un xeriátrico, ofrecéndolles unha tarde diferente. É unha mágoa que o resto de socios de Tanxedoira non acompañen aos grupos artísticos para animar e pasalo ben, como todos os que estivemos en ADCOR. Ao final do acto, a fundación ADCOR convidounos a uns petiscos e a uns refrescos para repoñer forzas, mais o mellor agasallo foi, sen dúbida, a cara de satisfacción e a participación do noso público. Aproveitamos para dar as grazas a ADCOR e á Directiva de Tanxedoira por ser como son. Aupa Tanxedoira! ■

*Maxi García & Olga Espiñeira*

# Actuación en Melandrainas

O pasado sábado 9 de maio a Rondalla e o Coro Tanxedoira foron convidados a actuar no Café Teatro Melandrainas, en Arteixo. Alí, os nosos grupos artísticos fixeron as delicias de nenos e maiores co seu repertorio e bo facer. Entre risas e aplausos pasamos unha agradable tarde de música e baile, compartindo escaerío coas pequenas bailarinas da casa Melandrainas. Que artistas! Agardamos que esta fose a primeira de moitas colaboracións futuras ■

*Noemí López*

## / Non perdas... /

### Campionatos Tanxedoira

*No mes de xuño a Asociación Cultural Tanxedoira levará a cabo campiónatos de Ping Pong, Tute e Parchís. ¿Cando? Tomade nota.*

*- Campionato de Tute: 6 de xuño, ás 17:00h*

*- Campionato de Parchís: 13 de xuño, ás 17:00h*

*- Campionato de Ping Pong: 27 de xuño, ás 17:00h*

*\* Haberá listaxes de inscrición dispoñibles no Local Social da Asociación. Tamén será posible inscribirse a través de Whatsapp ou Telegram.*

## / A destacar... / Axenda

· 16 de maio.

**RONDALLA.** Centro de Maiores Sanitas (Monte Alto) 17:00h.

· 17 de maio.

**TEATRO.** “Mi Mujer es el Fontanero”. Forum Metropolitano. 19:00 h.

· 23 de maio.

**TEATRO.** XVIII Certame de teatro candilejas Don Bosco. “Usted puede ser un asesino”. Centro Calvo Sotelo. 18:00h

**TEATRO.** XVIII Certame de teatro candilejas Don Bosco. “Mi mujer es el fontanero”. Centro Calvo Sotelo. 20:30h.

· 31 de maio.

Comida de grupos artísticos (listas no local ou chats).  
Finaliza o Certame F. Pombo.

· Do 8 ao 14 de xuño.

**FIN DE ACTIVIDADES.**

· 15-19 de xuño.

**EXPO Tanxedoira.** No local social da Asociación. 18:00 - 20:00h.

· 19 de xuño.

**TEATRO.** “Mi Mujer es el fontanero“. Melandrainas (Arteixo). 20:00 h.

· 20 de xuño.

**Festival Fin de Curso.** Actuaciones: Coro, Rondalla, Teatro, Flauta, Guitarra, Entrega Premio F. Pombo. Centro Cívico Mesoiro. 17:30h.

· 27 de xuño.

**Sardiñada.** No local social da Asociación. 18:00 h.

· 3 xulio.

**Asamblea** 1º 20:00h 2º 20:30h

· 5 de xulio.

**Excursión fin de curso.**

· 16 de xulio.

**TEATRO.** “Usted puede ser un asesino”. Teatro Colón.